RESUMO DA UNIDADE 6: Restauración e Nacionalismo

- O sistema político da Restauración

O fracaso da experiencia 'democrática' do Sexenio provocou o regreso dos Borbóns ao trono de España, na figura de Alfonso XII, fillo de Isabel II. A Restauración non supuxo só o regreso dos Borbóns, senón tamén a volta ao control do poder político e social por parte da oligarquía agraria e industrial.

O gran ideólogo do novo réxime foi o político conservador Cánovas del Castillo que ideou un sistema baseado na quenda de dous partidos no goberno mediante o fraude electoral sistemático. A Constitución de 1876, a que ata o de agora estivo máis tempo vixente na Historia de España (1876-1923), plasmaba as ideas de Cánovas: amplo poder do Rey (o poder executivo e o lexislativo compartido coas Cortes, xefatura do exército...); parlamento bicameral; declaración da Igrexa Católica como oficial; vaguidade á hora de formular os dereitos, etc.

Durante o período da Restauración dous partidos monopolizaron o goberno: o Partido Conservador de Cánovas e o Partido Liberal de Sagasta. Este partidos de notables conseguiron sempre a maioría necesaria no Congreso, mediante os caciques (axentes dos partidos nos distritos electorais con influencia sobre os seus veciños) e o fraude electoral (pucheirazo). Unha vez o Rey nomeaba presidente do goberno ao líder dun ou outro partido, segundo as circunstancias políticas, este 'facía' as eleccións, acadando sempre os escanos necesarios, mesmo cando se aprobou o sufraxio universal masculino en 1890. O conxunto da oposición nunca conseguiu o 20% dos votos. A Restauración foi unha etapa de relativa estabilidade, pero claramente antidemocrática.

A oposición dividíase entre os grupos obreiros, os republicanos, os nacionalistas e os cada vez máis minoritarios carlistas. Os socialistas, liderados por Pablo Iglesias, fundaran en 1879 o PSOE e en 1888 o sindicato afín, a UGT. As rexións onde tiñan máis afiliados eran o País Vasco e Madrid. O seu obxectivo era a revolución proletaria pero participaban na vida política a través do partido. Os anarquistas tiñan unha presenza maior, destacando a súa influencia en Andalucía e Cataluña. Rexeitaban a participación política, e as súas accións reivindicativas foron moitas veces violentas (asasinato de Cánovas). En 1910 as distintas federacións anarquistas uníronse na CNT. Socialistas e anarquistas aumentaron moito os seus afiliados nas primeiras décadas do século XX.

Os republicanos estaban divididos en varios grupos, todos eles con poucos membros. Foron acadando unha importancia cada vez maior cando o sistema canovista entra en crise a partir de da crise de 1898.

- O desastre do 98

A estrepitosa derrota do exército español fronte aos independentistas cubanos e filipinos axudados por EE UU en 1898, viviuse coma un auténtico desastre entre a sociedade española. Os independentistas tíñanse levantado periodicamente desde 1868, a novidade foi o apoio de EE UU. A guerra só foi sentida polas familias dos soldados que non puideron pagar a redención que os librase do servizo militar e, ademais, entre a opinión pública estendeuse un ambiente chauvinista no que a vitoria fronte a EE UU se vía como doada. España tivo que abandonar as colonias e aceptar as condicións de EE UU.

A derrota provocou un sentimento de pesimismo e decadencia entre as elites políticas e intelectuais. Foron numerosos os escritos nos que se falaba da necesidade de 'rexenerar' España. Se criticou ao sistema político, pero non se levaron a práctica medidas que permitisen reformas cara un sufraxio limpo. O intelectual máis importante da corrente rexeneracionista foi Joaquín Costa que propugnou a necesidade dun 'cirurxián de ferro', dunha persoa con autoridade, e de 'despensa e escola' para saír da depresión. A xeración de escritores do 98 recolleron as ideas dos rexeneracionistas, manifestando o malestar da sociedade cara a situación, criticando ao sistema político desde unha óptica nacionalista, na que identificaban a España con Castela. Con eles naceu o termo 'intelectual', identificado coa xente culta comprometida co país.

- A longa crise da Restauración

Despois do 98 o sistema da Restauración entrou nunha longa crise na que os conflitos políticos e sociais foron en aumento. Coa morte dos dous líderes dos partidos gobernantes dentro dos propios partidos se produciron divisións entre os partidarios dos distintos candidatos, sen un líder claro e a oposición foi aumentando o números de deputados. Os gobernos cada vez duraban menos e, en moitas ocasións, as simpatías persoais do rey Alfonso XIII desde 1902 foron as que decidiron o nome do xefe do goberno. As reformas electorais de Maura (1904-1909) lonxe de solucionar os problemas, aumentaron a desafección da poboación cara o poder político polos perniciosos efectos do artigo 29, que permitía o nomeamento de candidatos sen eleccións nos distritos nos que se presentase unha soa candidatura.

Unha das aspiracións de Canovas, o cese da intervención militar na vida política, tamén se rachou nestes anos. O exército sufriu un gran desprestixio pola derrota do 98, os fracasos na colonia de Marrocos e a súa participación nos conflitos sociais como forza de orde pública. A oposición radical entre o exército e o nacionalismo catalán iniciou a volta dos militares á política, cando en 1905 un grupo deles atacou as redaccións de dous xornais nacionalistas e o goberno en vez de castigalos premiounos coa Lei de Xurisdicións. Esta lei deixou en mans da xustiza militar os delitos contra a 'unidade da patria' e as inxurias a membros do exército.

A intervención no norte de Marrocos debeuse, entre outras cousas, ao desexo do Estado español de participar no proceso colonial como resarcimento da perda das colonias no 98. En 1912, o Tratado Hispano-francés repartiu o territorio en dous protectorados, tocándolle a franxa norte a España. A ocupación contou coa oposición da poboación (os seus fillos eran os que ían a guerra) e ademais estivo chea de fracasos militares.

En xullo de 1909 estalou en Barcelona unha revolta popular que tivo a súa orixe no embarque de reservistas para combater aos independentistas do Rift. Os sindicatos, vinculados maioritariamente aos anarquismo, fixeron un paro xeral e foron donos durante uns días da cidade: a Semana Tráxica. Ademais do antimilitarismo, o anticlericalismo foi outro dos compoñentes do movemento, queimándose unhas 60 igrexas e conventos, e morrendo un centenar de persoas. O goberno reprimiu con dureza a revolta e culpou, sen probas, ao mestre anarquista Ferrer i Guardia, de ser o organizador.

A partires da crise de 1917 a situación fíxose cada vez máis insostible. A I Guerra Mundial, na que España foi neutral, fixo medrar a economía española, pero empeorou as condicións de vida dos obreiros, debido a escaseza de alimentos e a suba dos prezos. Os dous sindicatos obreiros, a CNT e a UGT, decidiron unirse para pedir non só melloras socioeconómicas, senón tamén cambios políticos. En agosto desencadeouse a anunciada folga xeral indefinida, que fracasou pola falta de apoio de republicanos e nacionalistas, a mala organización e a represión gobernamental. O exército reprimiu con dureza aos golpistas, cun resultado de 71 mortos e 156 feridos.

No mesmo ano producíronse outros dous conflitos que puxeron en evidencia a crise do sistema. As protestas das Juntas de Defensa, formadas dentro do corpo de artilleiros, para reivindicar un aumento de soldos e os ascensos por escala, non por méritos de guerra, ata o grao de coronel. En xullo celebrouse en Barcelona unha Asemblea de Parlamentarios (as Cortes estaban pechadas desde febreiro) na que participaron socialistas, republicanos e nacionalistas esixindo a convocatoria de Cortes Constituíntes e unha serie de reformas coincidentes coas dos sindicatos. O medo a folga xeral fixo disolver a Asemblea. No ano 1921 naceu o PCE (Partido Comunista de España), como unha escisión do PSOE formada polos partidarios dos bolxeviques.

A conflitividade social foi en aumento desde 1917, destacando as mobilización dos xornaleiros no campo andaluz ('trienio bolxevique') e os enfrontamentos armados entre obreiros e patróns (apoiados polas autoridades) en Cataluña ('pistoleirismo').

En 1921 produciuse outro fracaso militar na colonia marroquí, o desastre de Annual. Unha operación mal planificada conduciu a numerosas perdas humanas e do territorio gañado en 10 anos. As críticas pola mala preparación dos soldados e pola incapacidade dos oficiais alcanzaron

ao mesmo rey. A incapacidade e debilidade dos gobernos foi manifesta nestes anos, a saída foi o golpe de Estado de Primo de Rivera en 1923 que acabou co longo período da Restauración.

- Os nacionalismos periféricos

Na segunda metade do século XIX xurdiron en Cataluña, País Vasco e Galicia movementos culturais e políticos que reivindicaron as particularidades dos seus territorios, baseadas na cultura e na lingua, así como o autogoberno. As primeiras manifestacións foron culturais, o Rexurdimento, centradas na lingua propia, para máis tarde demandar a descentralización do poder político, o Rexionalismo. Nunha última etapa o rexionalismo evolucionou cara o nacionalismo, a reivindicación da nación coa súa propia soberanía política.

O nacionalismo catalán naceu dunha historia propia (a reivindicación dos foros ou leis propias perdidos cos Decretos de Nueva Planta en 1715) e dun desenvolvemento económico superior ao do resto do Estado. O rexionalismo catalán tivo como principal ideólogo a Prat de la Riba, fundador da Unió Catalanista (1891) e inspirador do programa de goberno coñecido como Bases de Manresa (1892). Os postulados nacionalistas xorden xa no 1894 cando Prat identifica a Cataluña como nación soberana. Distinguíronse dúas tendencias: a conservadora encabezada pola Liga Regionalista (1901) e a progresista vinculada aos republicanos e que rematarían creando Esquerra Republicana. En 1914 o catalanismo conseguiu a creación da Mancomunidade de Cataluña, con competencias só administrativas, primeiro recoñecemento xurídico das diferenzas territoriais.

O nacemento do nacionalismo vasco está vinculado a reivindicación dos foros perdidos coas derrotas carlistas (1839 e 1876). O líder do nacionalismo foi Sabino Arana, fundador do PNV en 1895. Defendeu: a independencia das sete provincias vascas, a separación radical con España, a cualificación dos vascos como unha raza, o integrismo relixioso católico e o tradicionalismo social. Trala morte do fundador no PNV van convivir dúas tendencias, a posibilista, partidaria de negociar co Estado español, e a radical que aspiraba directamente á independencia.

O nacionalismo galego foi máis débil co catalán e vasco. A súa orixe sinálase no movemento provincialista, cando aparecen as primeiras peticións, denunciando o atraso e o esquecemento que sufría Galicia dentro do Estado español. Antolín Faraldo foi o ideólogo deste movemento, que participou no frustrado pronunciamento de Solís en 1846.

Na segunda metade do século XIX desenvolveuse o Rexurdimento, un movemento de recuperación da lingua e historia propias. Os historiadores como Bieito Vicetto e Manuel Murguía vincularon as orixes do pobo galego á raza celta.

A partir da década de 1880 aparecen as primeiras propostas rexionalistas, con dúas tendencias. A liberal, encabezada por Murguía, diferenciaba a Galicia do resto de España en base á lingua, a xeografía e a historia. A conservadora tivo como máximo teórico a Alfredo Brañas, próximo ao carlismo, e antiliberalismo. Reclamaba á volta ás tradicións galegas católicas anteriores á Revolución Industrial e a Liberal.

Non será ata 1916 cando xurda o Nacionalismo, da man das Irmandades da Fala, e os escritos de Antón Vilar Ponte e Vicente Risco. Galicia considerábana unha nación diferenciada pola lingua, a xeografía e o espírito (a alma galega). Estas ideas, que fundamentalmente recollen a tradición liberal e democrática quedaron plasmadas na Asemblea Nacionalista convocada en Lugo en 1918 polas Irmandades da Fala. As Irmandades non chegaron a formar un partido propio e nos anos 20 o galeguismo centrouse no eido cultural, coa xeración Nós como protagonista.